



Valdoviño



VALDOVIÑO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN VINTE E CATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000032

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e dez minutos do día vinte e catro de setembro de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 521 de data 23 de setembro/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 18.09.24 (EXTRAORDINARIA).-

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 18.09.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.-APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE SUMINISTRO: ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA POLICÍA LOCAL.-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Vista a memoria xustificativa e proposta da Alcaldía de data 11/09/2024, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de adquirir un novo vehículo de policía local, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é o aberto con pluralidade de criterios evaluables automaticamente.

Vista a providencia de Alcaldía de data 11/09/2024.

Vistos os informes de secretaría de data 12/09/2024 e de intervención de data 20/09/2024, así como a Resolución de Alcaldía de data 20/09/2024 xustificativa da imposibilidade de dividir en lotes o presente subministro.

Despois de examinar a documentación achegada, esta Alcaldía de conformidade co establecido no artigo 116 e en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público

PROPÓN:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante o procedemento aberto con pluralidade de criterios do subministro **DUN VEHÍCULO/TURISMO PATRULLA PARA A POLICÍA LOCAL DE VALDOVIÑO**, polo prezo de **34.710,74 euros**, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de **7.289,26 euros**, o que supón un total de **42.000,00 euros**.

SEGUNDO: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato para a subministración denominada Adquisición dun vehículo /turismo patrulla para a Policía Local de Valdoviño por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

TERCEIRO: Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 132.62400 do orzamento municipal do exercicio 2024 ao abeiro da retención de crédito practicada baixo o número de operación 220240008433.

CUARTO.- Nomear responsable do contrato ao xefe da Policía Local D. José Ramón Bacorelle Robles.

QUINTO: Iniciar o procedemento de adxudicación mediante a publicación dun anuncio no perfil do contratante deste concello ubicado na Plataforma de Contratos do Sector Público para que no prazo de 15 días calquera interesado poida presentar unha proposición.

SEXTO.- Publicar no citado perfil do contratante, de conformidade co artigo 63 en relación do 116 da LCSP, a seguinte documentación:

-Xustificación da necesidade do contrato.

-Estudo de custes.

-Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

-Aprobación do expediente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SEÑOR ALCALDE.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C005/000001).

3º.-APROBAR A DENEGACIÓN DA DEVOLUCIÓN DE FIANZA DA GARANTIA DEFINITIVA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PEOPLE PLUS INNOVATION S.L.-

**“PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Asunto Devolución garantía do contrato Servizo de Axuda no Fogar
(PEOPLE PLUS INNOVATION S.L. - GRUPO OPTIMA)**

Conforme a Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, *os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei se rexerán pola normativa anterior. A estes efectos se entenderá que os expedientes de contratación foron iniciados si se houbera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato (...).*

Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade a entrada en vigor da presente Lei se rexerán, en cando os seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Así as cousas, será de aplicación ao expediente 2022/X002/000010 referido a devolución da garantía asociada ao contrato Servizo de Axuda no Fogar o disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Determina o apartado 19.2.4 do Prego de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Valdoviño que a empresa licitadora que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa constituiría *garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público* aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Consultada a contabilidade municipal, consta a operación non orzamentaria núm. 3201900000071 de data 09-04-2019 referida garantía definitiva asociada ao contrato de Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Valdoviño adxudicado a PEOPLE PLUS INNOVATION S.L. - GRUPO OPTIMA con C.I.F. núm. U67417667 por importe de CENTO CINCUENTA E UN MIL SEIS CENTOS TRES EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (151.603,93 €)

O apartado 13 do Anexo I recollido no Prego de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Valdoviño, fixa o **prazo** de garantía en un ano.

Visto o informe e valoración profesional emitida pola Traballadora Social do Concello de Valdoviño (Col. 2116) relativo a devolución da garantía asociada ao contrato de Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Valdoviño adxudicado a PEOPLE PLUS INNOVATION S.L. - GRUPO OPTIMA con C.I.F. núm. U67417667 para facer constar que (...) *a empresa incumpriu as obrigas relativas á prestación do contrato, concretamente no relativo a:*

- *Seguimento, supervisión e control do servizo: coa non realización das oportunas visitas domiciliarias bimestrais e a remisión dos informes sociais de seguimento, consecuencia de ditas visitas, de todas as persoas usuarias, e o non retorno de información á Técnico Municipal de Servizos Sociais do Concello da información recopilada nas mesmas.*
- *Incumprimento do establecido nos artigos 12.5, 21.3 da Orde de 22 de xaneiro pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar; nos artigos 12.3, 12.4 e 12.5 da Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Valdoviño; nos artigos 22.3 e 33.8 do Pregos de Cláusulas Administrativas e nos artigos 8.12.1 e 9 do Prego de Prescricións Técnicas.*

- *Planificación, organización do servizo e control do traballo diario: coa non remisión aos servizos sociais municipais dos correspondentes Proxectos individualizados de intervención actualizados, de todas as persoas usuarias do servizo.*
 - *Incumprimento do establecido nos artigos 12.4.b e 21.3 da Orde de 22 de xaneiro pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar; nos artigos 12.4, 15.5, 15.7 e 23 da Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Valdoviño e no artigo 33.8 do Pregos de Cláusulas Administrativas.*
- *O bloqueo do servizo durante 6 meses pola decisión unilateral da empresa de non proceder a altas nin ampliacións de servizo, co absoluto prexuízo para todas as persoas en lista de agarda para ás que se podía ter iniciado o mesmo.*
 - *Penalidade de carácter moi grave por tratarse dunha paralización e interrupción do servizo por non dar acceso a novas persoas usuarias e tamén pola desobediencia reiterada ás ordes dadas pola persoa responsable municipal do contrato respecto da ordenación, forma ou réxime de prestación do servizo.*

En virtude do exposto e ao amparo do artigo 102 da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, *a garantía non será devolta ou cancelada ata que se houbera producido o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución de este sen culpa do contratista.*

Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren posibilidades se devolverá a garantía constituída ou se cancelará o aval ou seguro de caución.

En uso das atribucións conferidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía **PROPÓN**

Primeiro.- Desestimar a solicitude de devolución da garantía definitiva asociada ao contrato de Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Valdoviño adxudicado a PEOPLE PLUS INNOVATION S.L. - GRUPO OPTIMA con C.I.F. núm. U67417667.

Segundo.- Notificar a PEOPLE PLUS INNOVATION S.L. - GRUPO OPTIMA con C.I.F. núm. U67417667 o presente acordo aos efectos oportunos.

Terceiro.- Visto o informe e valoración profesional emitida pola Traballadora Social do Concello de Valdoviño (Col. 2116) poñendo de manifesto o cumprimento defectuoso do contrato de Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Valdoviño, dispoño o inicio do oportuno expediente para que a Secretaría municipal emita un informe sobre a lexislación e o procedemento a seguir en relación ca posible imposición de penalidades por incumprimento defectuoso do contrato referido.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2022/X002/000010).

4º.- APROBACIÓN DUN SERVIZO DE INTÉRPRETE EN LINGUA DE SIGNOS PARA UNHA REUNIÓN NO CENTRO EDUCATIVO.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE EN LINGUA DE SIGNOS PARA REUNIÓN NO CENTRO EDUCATIVO

Alberto González Fernández, alcalde do Concello de Valdoviño, vista a retención de crédito practicada polos Servizos económicos e visto o informe técnico da educadora social dos Servizos Sociais Comunitarios que se transcribe a continuación:

“INFORME- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE INTÉRPRETE (LINGUA DE SIGNOS)

En data 17.09.24 contacta co Departamento de Servizos Sociais unha persoa representante da A.N.P.A Beiramar (CPI Años) para solicitar o servizo de intérprete para que unha familia xorda que ten dous menores matriculados no centro poida participar na Asemblea que terá lugar o día 25 de setembro ás 19:00 da tarde.

INFORMO:

1. Que debido á necesidade que esta familia veciña de Valdoviño ten, especialmente no ámbito escolar, valorouse anteriormente formalizar un convenio que poida cubrir estes ou outros servizos, abríndoo a outras persoas xordas que sexan de Valdoviño ou veñan ao Concello a realizar algún trámite.
2. Que a principios de ano a Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra presenta un modelo de convenio que é trasladado ao Departamento de Intervención co fin de valorar a súa adecuación e posterior formalización.
3. Que o custo do dito Convenio estaría contemplado na solicitude do POS + ADICIONAL 1/2024 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS por un importe de 2750€.
4. Que dende o Departamento de Servizos Sociais valórase fundamental garantir a accesibilidade a toda a veciñanza e que vexan respectados os seus dereitos, motivo polo que se informa novamente da necesidade de impulsar convenios de colaboración con entidades que ofrezan as garantías mencionadas.
5. Que ao non existir o dito Convenio solicítase un orzamento á Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra para proporcionar o servizo solicitado, o cal ascende á cantidade de 264 euros.

Infórmase para que sexa elevado a Xunta de Goberno Local a aprobación do gasto.

En Valdoviño a 18 de setembro de 2024

Iria García Martínez.
Educadora Social (Col. 3545)

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación do servizo de intérprete que se expón por importe de 264 euros coa Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento,

O alcalde,

Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C004/000007).

5º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA “REPARACIÓN PUNTUAL NOS VIAIS MUNICIPAIS EN TARAZA E BOEIRO”.-

“APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRA

Vista a certificación de obra n.º 1 e final “*Reparación puntual nos viais municipais en Taraza e Boeiro*” do Concello de Valdoviño, asinadas pola dirección de obra o 26 de xullo de 2024 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 29/07/2024. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** o día 29 de xullo de 2024 por importe de 84.216,00 euros.

Vista a acta de recepción de data 17/09/2024 e o informe emitido pola intervención accidental municipal.

A Alcaldía de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, pola presente

PROPONSE:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación de obra n.º 1 e final “*Reparación puntual nos viais municipais en Taraza e Boeiro*” do Concello de Valdoviño emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** por importe de 84.216,00 euros e a correspondente factura n.º FE24 89 de data 29/07/2024 presentada no rexistro de facturas electrónicas en data 29/07/2024.

SEGUNDO.- De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n. 4 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” deberán descontárselle 1.868,33 euros pola dirección e inspección de obra e 622,78 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

TERCEIRO.- Ordear o pagamento da certificación de obra n.º 1 e final “*Reparación puntual nos viais municipais en Taraza e Boeiro*” do Concello de Valdoviño emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** por importe de 84.216,00 euros e a

correspondente factura nº FE24 89 de data 29/07/2024 presentada no rexistro de facturas electrónicas en data 29/07/2024 unha vez descontados os importes das taxas por dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde (1.868,33 € e 622,78 € respectivamente)

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde do Concello de Valdoviño;
Asdo.; Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2023/C003/000004).

Fora da orde do día

Apróbase en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión a inclusión do asunto fora da orde do día en aras de axilizar a súa tramitación.

.-APROBACIÓN DA XXIII ANDADA A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO .-

“PROPOSTA área CULTURA

O Concello de Valdoviño ten previsto realizar a XXIII ANDADA A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO o día 28 de setembro de 2024. Trátase dunha iniciativa de carácter cultural na que paralelamente se promocionan hábitos de vida saudables e que mostra aos participantes o patrimonio material e inmaterial do Concello de Valdoviño, así como a relación do camiño a Santo Andrés de Teixido cos Camiños Xacobeos. Con tal motivo ,

PROPONSE

Organizar o día 28 de setembro de 2023 a XXIII ANDADA A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO, unha actividade completamente fidelizada, de carácter anual coa que se procura o disfrute do camiño, a interacción do grupo, o respecto e a sustentabilidade dos camiños que se atravesan así como o respecto e a valoración do patrimonio que se mostra en cada espazo. Esta edición que marcará o número XXIII, discurre polo camiño histórico real coa fin de dar a coñecer entre os participantes o patrimonio arqueolóxico ,histórico e cultural da zona interior do municipio, na procura de promocionar outros espazos diferentes aos de costa.

O gastos estimados que se contemplan serán de **4.459,00 euros (catro mil catrocento cincuenta e nove euros)** correspondentes a : autobuses, avituallamentos , escenificacións, publicidade e imprevistos.

Os ingresos estimados para esta actividade serán de 1.500,00 euros o que supón unha cota de 15,00 euros por persoa xustificadas tras facer unha valoración das cotas establecidas nos anos anteriores en relación ao momento actual. Por este motivo solicítase **aprobación da cota** proposta atendendo ao punto 3.1.3. “*actividades culturales*” da ordenanza reguladora do precio público por prestación de servicios educativos, culturales e

deportivos na que se fai referencia a “outros servizos culturais” no que se establece que no caso de que se organicen polo Concello outras actividades culturais non específicas na ordenanza, poderán aprobarse as mesmas tendo en conta os custos de organización da actividade.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 23 de setembro de 2024.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández. ”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/X999/000144).

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/